



---

## GRUPO MUNICIPAL DE VILABOA

Ornela Fernández Salgado, voceira do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 28/01/09:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O barrio de Paredes e Arcade, na localidade veciña de Soutomaior, conforman un conxunto urbano que está unido pola estrada N-550. De esta forma numerosos viandantes transitan por esta perigosa estrada, sen que existan as necesarias medidas de seguridade esixibles a calquera travesía urbana.

Neste sentido, os veciños e veciñas da zona que a cotío transitan polas beiras desta perigosa estrada para desprazarse de Paredes a Arcade e viceversa, demandan dende hai tempo unha actuación encamiñada a dotar a estrada de beirarrúas que permita transitar por ela con seguridade.

En consecuencia, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

### **ACORDO**

1. O Concello de Vilaboa instará ao Ministerio de Fomento que se leve a cabo a urbanización e a mellora da seguridade vial no tramo da N-550 transcorrido entre Paredes e Arcade.
2. Enviar o presente acordo ao Ministerio de Fomento e aos Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados.

Vilaboa, 19 de xaneiro de 2009

Ornela Fernández Salgado

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA